



## CONCELLO DE BOBORÁS

### **PROGRAMA DE SUBVENCIONS PARA O SECTOR DA HOSTELERIA, RESTAURACION E TURISMO RURAL DO MUNICIPIO DE BOBORÁS POLO PECHER PERIMETRAL E DA ACTIVIDADE NON ESENCIAL DECRETADAS NO NOSO CONCELLO POLA XUNTA DE GALICIA.**

#### **1.- Obxecto do programa.**

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, ao sector da hostelería e restauración así como do turismo rural, no termo municipal de Boborás, ante o peche total de actividade e peche perimetral co obxecto de contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e emprego e atenuar a redución drástica de ingresos.

A actuación municipal ven amparada por:

-Lei 5/2014 do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Disposición adicional Primeira:

“As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, continuarán exercendoas elas, rexendose pola indicada lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais carta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

-Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, artigo 86.1 : “Para a xestión dos seus intereses e unha vez que se garanta a prestación dos servizos mínimos, o municipio poderá exercer actividades complementarias das propias de outras administracións públicas e, en particular, as relativas a:

f) A ocupación e a loita contra o paro.”

Considerando que a competencia en ocupación conleva o mantemento da mesma.

-Lei reguladora de bases de réxime local., artigo 21.1 “O Alcalde é o Presidente da corporación e ostenta as seguintes atribucións:

m) Adoptar personalmente e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou infortunios públicos ou grave risco dos mesmos, as medidas acaídas e necesarias dando conta inmediata ao Pleno.

Constitución española, artigo 40:” Os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico .... De maneira especial realizarán unha política orientada ao pleno emprego”





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

### 2.- Bases reguladoras e normativa aplicable.

1.- A presente convocatoria rexerese, con carácter xeral, polo disposto nas presentes bases reguladoras, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LGS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (en diante RLGs) , na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, que aproba o regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e, supletoriamente, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións do Concello de Boborás e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- . A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3. A súa tramitación realizarase por medios electrónicos en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A solicitude tamén pode presentarse de forma presencial a través do Rexistro de entrada do Concello de Boborás, sito na Rúa Cristóbal Colón 56 (Boborás).

En caso de imposibilidade de presentar a solicitude telemáticamente ou presencialmente , poderán dirixir á solicitude mediante Anexo I á seguinte dirección de correo electrónico [secretaria@boboras.gal](mailto:secretaria@boboras.gal). Neste caso, asemade, deberán adxuntar autorización a funcionario público para que este poida presentar a solicitude no seu nome.

### 3.- Crédito orzamentario.

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 4.800 euros con cargo ao vixente orzamento municipal.

### 4.- Contía das axudas.

1.-Concederase unha cantidade fixa de 300 € para persoas físicas e xurídicas con ou sen traballadores ao seu cargo do sector da hostelería, restauración e turismo rural ou hoteis, cando a actividade que desenvolvan viuse afectada polo peche de establecementos disposto na ORDE do 14 de Outubro e do 21 de Outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

### 5.- Requisitos para ser persoa ou empresa beneficiaria.

1.- Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha microempresa ou pequena empresa. A microempresa e as pequenas empresas son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

b) Que a actividade que desenvolven fora afectada polo peche de establecementos disposto na ORDE do 14 de Outubro e do 21 de Outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia ou ben que sexa unha das actividades recollidas no punto 4.2 destas bases.

c) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mútua profesional correspondente e en Facenda no momento da presentación da instancia.

d) Que o local de desenvolvemento da actividade atópanse no termo municipal de Boborás.

e) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Facenda estatal (AEAT), Autonómica e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social ( TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.

f) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Boborás .

Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

g) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse unha persoa representante apoderada, con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que corresponden á agrupación ou comunidade de bens.

Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LGS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LGS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigacións derivados do outorgamento da subvención.

h) Non poderán acceder a estas axudas os autónomos que teñan a súa actividade suxeita a un contrato de traballo por ningunha empresa.

### **6.- Compatibilidade con outras axudas e subvencións.**

As axudas serán compatibles con calquera outra medida, axuda ou subvención adoptada por calquera outra administración pública ou ente público ou privado.

### **7.- Prazo e Forma de presentación de solicitudes.**

1.- O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal e nas oficinas do concello.

2.- As solicitudes,, presentaranse por vía telemática a través da Sede electrónica do Concello de Boborás ou de forma presencial a través do rexistro de entrada do concello de Boborás, na rúa Cristóbal Colón 56 de Boborás.

En caso de imposibilidade de presentar a solicitude telemáticamente ou presencialmente, poderán dirixir á solicitude mediante Anexo I á seguinte dirección de correo electrónico [administracion@boboras.gal](mailto:administracion@boboras.gal). Neste caso, asemade, deberán adxuntar





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

autorización a funcionario público para que este poida presentar a solicitude no seu nome.

3.- O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP).

4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión.

### **8.- Documentación a aportar.**

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

A. En caso de persoa física:

a) DNI polas dúas caras ou NIE (número de identificación de extranxeiro) acompañado do pasaporte, se o indica.

b) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, así como a referencia catastral do local de desenvolvemento da actividade.

c) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.

d) Certificado de titularidade da conta corrente onde desexa que se realice o ingreso da subvención, expedido pola correspondente entidade de crédito.

B. En caso de persoas xurídicas, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

a) NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

b) Certificado actualizado de Situación Censal da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa súa data de alta, así como a referencia catastral do local de desenvolvemento da actividade.

c) Contrato de constitución debidamente rexistrado no PROP da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

d) Escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro.

e) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.

f) DNI polas dúas caras ou NIE acompañado polo pasaporte, se o indica da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.

g) Alta no réxime da Seguridade social correspondente da persoa administradora.

h) Certificado de titularidade da conta corrente onde desexa que se realice o ingreso da subvención, expedido pola correspondente entidade de crédito

2.- Declaración Responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto na ORDE do 14 de Outubro e do 21 de Outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.

3.- Autorizacións para a consulta interactiva por parte do órgano xestor dos requisitos de acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS), ATRIGA e coa Tesourería municipal, e á consulta do informe de vida laboral, asinado pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante.

En caso de non autorizar ou opoñerse á comprobación polo órgano xestor destes requisitos, deberá achegarse de maneira obrigatoria a documentación acreditativa.

4.- Documento bancario ou similar que acredite o número e a titularidade da conta en onde efectuar o ingreso da subvención. Aceptarase a presentación de calquera documento (recibo, copia da conta de aforro, etc.) que posibilite a identificación do número de conta e o seu titular.

5.- Os documento non sinalado anteriormente e que veñen reflexados no artigo 5 das presentes bases.

### **9.- Procedemento e instrución do procedemento.**

1.- A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido na LGS.





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

2.- A concesión da subvención efectuarase de forma lineal a todas as solicitudes presentadas en prazo que cumpran os requisitos establecidos na presente convocatoria.

A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos municipais.

3.- Os servizos técnicos municipais comprobarán as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas ao órgano municipal competente para ser resoltas favorablemente.

4.- Previamente a elaborar a proposta de acordo, publicaranse a efectos de notificación na páxina Web municipal, no taboleiro de edictos do Concello, as seguintes listaxes:

- a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria .
- b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.
- c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida no punto 8 da Convocatoria con indicación da documentación requirida.
- d) As persoas solicitantes referidas no punto b) e c) outorgaráselles o prazo de 5 días naturais para que aleguen o que no seu dereito consideren oportuno, ou no seu caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.

5.- Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas para iso e informadas os servizos técnicos municipais elaborarán proposta de acordo para que a someta a aprobación do órgano competente e procédase á súa posterior publicación.

6.- O Acordo será obxecto de publicación, na páxina Web municipal e no taboleiro de edictos do Concello

7.- O Acordo de concesión das subvencións conterà tanto o outorgamento das subvencións, que fixará expresamente a súa contía e incorporará, no seu caso, as condicións, obrigacións e determinacións accesorias a que debe suxeitarse a persoa beneficiaria das mesmas, como a desestimación expresa do resto das solicitudes, no seu caso.







## CONCELLO DE BOBORÁS

---

8.- O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de vinte días a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. Poñerá fin á vía administrativa, podéndose interpoñer contra ela recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditase a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

### 10.- Obrigas das persoas e entidades beneficiarias

Son obrigacións das beneficiarias:

- a) Manter a actividade empresarial durante 6 meses, como mínimo, a partir do día seguinte da publicación da resolución de concesión da subvención.
- b) A obrigación do mantemento dos mesmos postos de traballo que tiña antes do peche do establecemento, durante o prazo de seis meses dende a finalización do mesmo.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- d) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen, ou mostrar resistencia, excusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- e) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- f) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria atópanse comprendida nos supostos do artigo 3. b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigacións de publicidade activa que lle resulten aplicables.

### 11.- Xustificación das axudas

1.- O control das obrigas esixidas no punto 10 da convocatoria efectuarase mediante a comprobación de oficio polo Concello de Boborás.





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

2.- A persoa beneficiaria deberá presentar no mes sétimo a contar a partir do día seguinte da publicación da concesión da subvención:

- Certificado actualizado de Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución/ certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.
- Xustificación de ter destinado o importe total da axuda a gastos inherentes a actividade, funcionamento e mantemento da empresa ou actividade, como aluguer ou gastos hipotecarios, dixitalización do negocio, nóminas, marketing e publicidade, mantemento e reformas do local, suministros ou materias primas ou finalidades equiparables. A xustificación realizarase por medio de facturas e xustificante de pago dos gastos realizados.

3.- A xustificación das subvencións requirirá a aprobación da devandita xustificación polo órgano concedente.

### 12.- Pago da subvención

1.- O pago destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

2.- En caso de incumprimento das obrigas, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, o concello iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá ao órgano que concedeu a subvención a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos non xustificadas, xunto coa liquidación dos intereses de demora correspondentes.

### 13.- Reintegro das subvencións

1.- O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexeráse polo disposto no título II da LGS e polo título III do RLGS.





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LGS, darán lugar á obrigaçión de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia do interese de demora correspondente desde a data do pago da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións. Se a persoa beneficiaria incumpre a obrigaçión de manter a actividade empresarial durante os 6 meses establecidos no punto 10 de convocatoria procederá o reintegro do importe da subvención por este concepto, é dicir 300 € .

Se a persoa beneficiaria incumpre a obrigaçión do mantemento durante 6 meses de do 100% do persoal establecidos no punto 10 da convocatoria, procederá o reintegro do importe da subvención recibida por este concepto.

3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigaçións establecidas con motivo da concesión da subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano concedente por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida.

### **14. - Normativa supletoria**

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á Administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

### **15.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude**

1.- O tratamento polo Concello de Boborás dos datos persoais achegados polos solicitantes baséase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e información esixida nas actuais bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación de que se cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.





## CONCELLO DE BOBORÁS

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos o Concello de Boborás determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é o Concello de Boborás, cuxo representante legal é a súa alcaldesa, dona Ana Patricia Torres Madureira, con domicilio, para os efectos de notificacións, rúa Cristóbal Colón 56, 32514 Boborás (Ourense), , teléfono de contacto 988 402008 e correo electrónico: [alcaldia@boboras.gal](mailto:alcaldia@boboras.gal)

b) O delegado de protección de datos é a empresa Novaforma, rúa Salvador Dalí, 5, 32002 Ourense.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria.

En cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación na Base de Datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense.

Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 20.8.b) da Lei xeral de subvencións, non serán obxecto de publicación os datos persoais dos beneficiarios, que unicamente se lles cederán a terceiros nos supostos previstos no

apartado e) desta base, se é necesario para a satisfacción do interese lexítimo seguido polo responsable do tratamento o polo terceiro ao que se comuniquen os datos, sempre que non prevaleza o dereito do interesado de acordo coa normativa de protección de datos.

Para estes efectos, na publicación cada subvención concedida identificarase exclusivamente polo número de rexistro de entrada da solicitude correspondente. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio polo Concello de Boborás ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que administración pública concedinte (artigo 6.1.c) do





## CONCELLO DE BOBORÁS

Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados o Concello de Boborás serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Sen prexuízo do anterior, os datos subministrados polo solicitante poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do Concello de Boborás de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento a Alcaldesa do Concello o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido o Alcalde do Concello. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do

Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados o Concello de Boborás.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Contra este acordo pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno do Concello de Boborás, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido nas Disposicións adicionais 2ª, 3ª e 4ª do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria causada polo COVID –

19, o cómputo dos prazos indicados non se iniciará durante a vixencia do estado de alarma ou normativa complementaria. Os prazos indicados, por tanto, deberán computarse dende o día seguinte ao do remate do estado de alarma ou normativa complementaria..

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.

Boborás, na data da sinatura electrónica.

A Alcaldesa

Asdo.: Ana Patricia Torres





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

### ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA PALIAR A CRISE ECONÓMICA CONSECUCIÓN DO PECHE DO SECTOR DA HOSTELERÍA, RESTAURACIÓN E TURISMO RURAL NO CONCELLO DE BOBORÁS DERIVADA DA CRISE SANITARIA OCACIONADA POLO COVID-19.

Nome do interesado:

Nome da empresa:

Actividade que realiza:

NIF:

Razón social:

Domicilio social:

Domicilio fiscal:

Domicilio do centro de traballo:





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

Dirección de correo electrónico:

Teléfono fixo:

Teléfono móvil:

Datos de xestoria ( no seu caso):

O abaixo asinante, presenta esta solicitude, perante o Concello de Boborás, asumindo a totalidade da regulación aplicable á presente convocatoria con todas as obrigas que da mesma se deriven, o tempo que declara, a veracidade dos datos nela citados e autoriza ao concello de Boborás para consultar nas distintas administracións públicas a súa situación en relación a:

Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT

Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa ATRIGA

Estar ao corrente no pagamento das obrigas sociais coa SEGURIDADE SOCIAL Estar ao corrente no pagamento das obrigas tritutarias do concello.

En Boborás        -----de -----2020

Firmado







## CONCELLO DE BOBORÁS

---

### ANEXO II

Autorizo ao concello de Boborás para a consulta interactiva de atoparme ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), fronte á Seguridade Social (TGSS),coa Tesourería Municipal , e a consulta do informe de vida laboral .

En Boborás, a                      de                      2020

Firmado





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

### ANEXO III

AUTORIZACIÓN A EMPREGADO MUNICIPAL PARA SOLICITAR NO NOME DO INTERESADO AXUDAS ECONÓMICAS PARA O SECTOR DA HOSTELERIA, RESTAURACIÓN e TURISMO RURAL NO CONCELLO DE BOBORÁS MOTIVADA POLOS PECHES DE DITOS SECTORES E PECHE PERIMETRAL

D/D<sup>a</sup>

DNI

Con domicilio na rúa \_\_\_\_\_ da localidade de \_\_\_\_\_  
AUTORIZO aos empregados do concello de Boborás, a presentar no meu nome, por vía telemática a solicitude de axudas económicas para para paliar a crise económica consecuencia da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19.

A presente autorización limitase a mencionada representación por vía telemática, sen que confiera ao presentador a condición de representante para intervir en outros actos ou para recibir todo tipo de comunicacións da Administración en nome do interesado, aínda cando éstas fosen consecuencia do documneto presentado.

En Boborás, a \_\_\_\_\_ de 2020.





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

Os anexos deben ser firmados pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante.

### ANEXO IV

#### DECLARACION RESPONSABLE

D. / Dna.:

con DNI n°:

na súa condición de:

Tendo solicitado ao Concello de Boborás participar na convocatoria de AXUDAS PARA O SECTOR DA HOSTELERIA, RESTAURACIÓN E TURISMO RURAL NO CONCELLO DE BOBORÁS MOTIVADA POLOS PECHES DE DITOS SECTORES E PECHE PERIMETRAL.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

a) Que non teño pendente a xustificación ningunha subvención recibida do Concello de Boborás.

b).- Que nin a persoa física solicitante nin, no seu caso, os representantes legais da persoa xurídica solicitante, se atopan en ningún dos supostos de exclusión para a





## CONCELLO DE BOBORÁS

---

obtención de axudas públicas á que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

c).- Que a persoa física ou xurídica solicitante atopase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, segundo o previsto nos artigos 18 e 19 do Regulamento de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo.

d).- Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas do Concello de Boborás.

e).- Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións nos términos do artigo 21 do citado Regulamento.

f).- Que a actividade que realizo viuse afectada polo disposto na ORDE do 14 de Outubro e do 21 de Outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

g).- Que me comprometo ao mantemento da actividade económica e das persoas contratadas, si as hubiera, durante os 6 meses seguintes

Boborás, ..... de ..... de .....

(Sinatura do declarante)

